

1.4 CONSELLO ESCOLAR DE CANARIAS

CONSELLO ESCOLAR DE CANARIAS

I. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APTITUDINAL

I.1 INTRODUCCIÓN

Non é obxecto deste documento entrar nunha análise conceptual exhaustiva do termo atención á diversidade. Non embargante, faise necesario salientar, polo menos sumariamente, de qué estamos a falar; non en van, ata hai ben pouco, o termo diversidade era entendido como sinónimo de necesidade educativa especial, na súa acepción de déficit. Sen embargo, a exposición da diversidade nun marco global, dentro das exposicións educativas ordinarias, e entendendo esta como a atención diferenciada do alumnado, é o concepto no que nos debemos mover.

A LOXSE establece a obrigatoriedade de garantir unha educación común para o alumnado, ó longo do ensino básico, e é precisamente ese carácter común o que reforza e revaloriza a atención á diversidade, pois é obvio que cada persoa se move ou progrusa por diferentes factores (motivacións, intereses, obxectivos, ideas previas, estilos e ritmos de aprendizaxe, saúde, madureza, ambiente sociocultural, etc.) e, se non os atendemos, difícilmente se garantirá a educación común.

Na amplitude do marco conceptual, entendemos que se poden identificar varias vertentes casuais na necesidade de atención á diversidade.

- a. Diversidade, respecto a estándares, de carácter aptitudinal: pluralidade de aptitudes, intereses, ritmos de aprendizaxe e capacidades.
- b. Diversidade, respecto a estándares, derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
- c. Diferencias respecto á personalidade e á dimensión socio-afectiva.

Neste sentido, e sen perdermos de vista a exposición xeral de que todo alumno é susceptible dun tratamento diferenciado, cómpre recofiecer que:

- Un número significativo de alumnado do ensino obligatorio non acada os obxectivos mínimos nin durante o proceso nin ó final do traxecto.
- Una boa parte deles podería acadalos se se diversifica o tratamento dos seus estilos de vida e de aprendizaxe.

- Unha porcentaxe significativa dos alumnos con sobredotación de capacidades estase desaproveitando, co risco de se transformaren en inadaptados escolares.
- Outra boa parte non ten posibilidades de ser atendida porque nin sequera acode á escola.
- Tamén hai unha parte importante de alumnado con necesidades educativas especiais que require ser atendido axeitadamente.
- Unha parte importante do alumnado sofre as consecuencias das desigualdades sociais.

Por tanto, isto esixe unha exposición diferenciada do ensino. Así pois, a garantía dunha formación común para todo o alumnado non é factible sen un axeitado tratamento de atención á diversidade.

I.2 REFERENCIA Ó MARCO LEGAL

Aínda que poderíamos remontarnos a algunha referencia anterior, especialmente no concorrente ás necesidades educativas especiais, o punto de inflexión para o desenvolvemento normativo que regulamenta distintos aspectos de atención á diversidade é a LOXSE. A partir de aí, na Comunidade Autónoma de Canarias fóreronse tomando unha serie de iniciativas lexislativas que atenden a este aspecto ben dentro dunha exposición xeral ou ben de maneira específica.

I.2.A ADAPTACIÓN

- Adecuación dos obxectivos de etapa ás características do alumnado: Decreto 46/1993, do 26 de marzo, polo que se establece o currículo da educación primaria (BOC do 9 de abril).
- Obxectivos, contidos, principios metodolóxicos e criterios de avaliación adaptados ás características e necesidades do alumnado e diversificación do currículo para alumnado de máis de 16 anos: Decreto 310/1993, do 10 de decembro (BOC do 28 de xaneiro de 1994).
- Adecuación dos obxectivos programados ás características dos alumnos e ó contexto sociocultural do centro: Orde do 29 de marzo de 1993, sobre avaliación en educación primaria (BOC do 14 de abril).
- Atención no proceso de ensino-aprendizaxe á singularidade do alumnado: Orden do 13 de maio de 1993, sobre avaliación en educación secundaria obligatoria (BOC do 2 de xuño).
- Decisións nos proxectos curriculares de etapa relativas ó tratamento da diversidade e ós criterios e procedementos previstos para realiza-las adaptacións curriculares para alumnado con necesidades educativas especiais: Decreto 128/1998, do 6 de agosto, polo que se

aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (BOC do 21 de agosto); Decreto 93/1999, do 25 de maio, polo que se regulaamenta a creación dos centros de educación obligatoria da Comunidade Autónoma de Canarias e se aproba o seu regulamento orgánico (BOC do 16 de xuño); Decreto 129/1998, do 6 de agosto, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (BOC do 24 de agosto).

I.2.B APOIOS

- Apoio ó desenvolvemento das capacidades do alumnado, ó seu crecemento integral e á súa integración social: Decreto 23/1995, do 24 de febreiro, polo que se regulaamenta a orientación educativa na Comunidade Autónoma de Canarias (BOC do 3 de maio).

I.2.C ACCIÓNS COMPENSADORAS

- Normalización de accións compensadoras no ámbito rural: Decreto 118/1995, do 11 de maio, polo que se crean os colectivos de escolas rurais (BOC do 19 de xuño).
- Reforzo á acción ordinaria do sistema educativo canario, actuando sobre situacións particularmente desfavorecidas.
 - a) Proxectos de aulas obradoiro, proxectos de pluralidade cultural, proxectos para o desenvolvemento de aptitudes, adquisición de aprendizaxes básicas.
 - b) Accións para previ-la desigualdade no inicio da escolaridade.
 - c) Accións para a integración socio-escolar de menores afectados por medidas xudiciais o con alto risco social.
 - d) Accións de formación ocupacional e inserción laboral: titorías de rapaces e programas de garantía social.
 - e) Accións de desenvolvemento comunitario en núcleos poboacionais deprimidos: Orde do 19 de maio de 1995, pola que se establecen as accións de carácter específico de compensación educativa (BOC do 21 de xuño).
- Programa de mellora da calidade educativa para favorece-la reducción das desigualdades en determinados centros e zonas: Orde do 20 de decembro de 1995, pola que se regulaamenta a implantación e desenvolvemento do programa de melloras da calidade educativa (BOC de 17 de xaneiro de 1996).
- Programas de garantía social: iniciación profesional, formación e emprego, e inserción sociolaboral: Orde do 17 de febreiro de 1998, pola que se establece a regulamentación dos programas de garantía social (BOC do 6 de abril).

- Titorías para xoves que presentan un forte rexitamento da institución escolar en determinadas zonas educativas: Decreto 233/1998, do 21 de abril, polo que se crean os equipos zonais de titorías de rapaces (BOC do 24 de abril).

I.2.D ATENCIÓN SINGULAR E ESPECÍFICA Á DIVERSIDADE

- Atención ó alumnado con necesidades educativas especiais: Decreto 286/1995 do 22 de setembro (BOC do 11 de outubro).
- Programas de diversificación curricular: Orde do 3 de xuño de 1996, pola que se regula este tipo de oferta concreta no marco da atención á diversidade na educación secundaria obligatoria (BOC do 10 de xuño).
- Adaptacións curriculares de centro e as individualizadas: Orde do 7 de abril de 1997, pola que se regulamenta o procedemento para a súa realización no marco de atención á diversidade do alumnado (BOC do 25 de abril).
- Escolarización e recursos para alumnado con necesidades educativas especiais por discapacidade derivada de déficit e trastornos xeneralizados do desenvolvemento de alumnos hospitalizados: Orde do 9 de abril de 1997.
- Instrumentos de apoio ó desenvolvemento do currículo básico: obradoiro de fomento de autonomía de aprendizaxe e agrupamentos flexibles do alumnado: orde do 16 de febreiro de 1998, pola que se organiza a oferta de ensino de educación secundaria obligatoria e bacharelato nos centros educativos que imparten estas etapas, se regulamenta a elaboración, aprobación e impartición das materias optativas no segundo ciclo da educación secundaria obligatoria e o bacharelato e se estable o currículo do “Obradoiro de fomento de autonomía de aprendizaxe” (BOC do 20 de marzo).

Finalmente, habería que remitirse á normativa a través da que de maneira máis detallada se dictan as instruccións de organización e funcionamento dos diferentes tipos de centro; as denominadas “circulares número un”.

I.3 ANTECEDENTES E TRADICIÓN SOBRE O TEMA

O sistema educativo canario estivo afectado por condicionantes históricos diferentes ó resto do Estado, entre os que poderíamos sinalar a carencia de recursos e infraestructuras educativas, unha poboación moi nova, cambio nos movementos tradicionais de poboación converténdose en receptora, peso preponderante do sector educativo público, territorio fragmentado e poboación dispersa, escasa escolarización en educación infantil, etc.

Afrontar esta realidade ata situármonos en límites cuantitativos equiparables a calquera outro ámbito supuxo un esforzo moi considerable, que só nos últimos anos permitiu formular, en

mellores condicións, aspectos educativos que vaian máis aló das construccóns, escolarizácións, ratios, etc.

I.4 SOLUCIÓNS E ESTRATEXIAS NA COMUNIDADE CANARIA PARA AFRONTA-LA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APTITUDINAL

A Comunidade Autónoma de Canarias foi deseñando e aplicando unha serie de medidas e estratexias que permiten, por un lado, o tratamento da diversidade do alumnado de forma xeral e normalizada e, por outro, atender a aquel alumnado que presenta carencias, ben sexan de índole persoal, ben escolar ou sociocultural.

Iso tradúcese, no marco do sistema educativo en:

- Medidas ordinarias: para aplicar en situacóns normalizadas, no centro, na aula ou individualmente, sen variar de forma significativa os elementos curriculares (obxectivos, contidos e criterios de avaliación). Véxase o cadro correspondente.
- Medidas extraordinarias: para aplicar en situación específicas en que si hai variación ou axuste significativo ou moi significativo nos elementos curriculares, no contexto da aula ou individualmente.

Estas medidas teñen diferente ámbito de aplicación: o centro, a aula e o alumnado.

I.4.A NO ÁMBITO DO CENTRO

I.4.A.1 Medidas ordinarias

DE FORMULACIÓN XERAIS

Consisten na adecuación do currículo e a planificación do centro ás necesidades que presente o seu alumnado en función do seu centro, contorno educativo, familiar e social. Entre estas medidas poderíamos citar:

- Principios establecidos no proxecto educativo do centro.
- Determinación de prioridades nos obxectivos xerais da etapa (proxecto curricular do centro).
- Determinación de prioridades no obxectivo e contidos das áreas (proxecto curricular do centro).

- Medidas establecidas na programación xeral anual (plan de orientación e acción titorial, plan de atención á diversidade, etc.).

DE AVALIACIÓN

- Formulacións xerais no PCC, criterios de avaliação das áreas, modos de avaliação das áreas e criterios de promoción.

DE METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN

- Exposicións xerais no PCC, exposicións en cada área, materiais diversificados, proxectos de traballo interdisciplinares, horarios flexibles e traballo colectivo nos equipos de profesores.
- Grupos flexibles, obradoiro de fomento de autonomía da aprendizaxe, desdobramentos, dous profesores na aula, titorizacións, apoio dentro e fóra da aula, programas específicos (absentismo cos concellos, apoio a déficits significativos das ONG, apoios a déficits pouco significativos por parte das familias ou as APA, etc.).

OPCIONALIDADE E OPTATIVIDADE

É unha medida na que, a través da oferta de materias optativas no segundo ciclo da etapa e da planificación de itinerarios no cuarto curso, preténdense desenvolver las capacidades da ESO por camiños diferentes ou alternativas ás áreas comúns. Trátase de responder ós intereses e necesidades do alumnado, facilitando a súa autoorientación e a súa transición á vida adulta.

TITORÍA E ORIENTACIÓN

É unha axuda á personalización e individualización do proceso de ensino-aprendizaxe en cada alumno, a través de medidas co equipo docente, coas familias e co propio alumnado.

I.4.A.2 Medidas extraordinarias

ADAPTACIÓN CURRICULARES

Formuladas como medidas de centro refírense, basicamente, ó proceso para a elaboración e seguimiento das adaptación individuais, modalidades e criterios para a intervención do profesorado de apoio á necesidades educativas especiais ou motivacións. Tamén organización da resposta educativa, coordinación do profesorado, procedementos para a información e participación da familia, etc. Coordinación co EOEP e adaptación nos medios de acceso ó currículo, se fosen precisas.

DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR: Programas e aulas-obrairo.

- **Programas:** consisten na formulación dun deseño curricular adaptado para alumnos maiores de 16 anos e menores de 18 que, tendo cursado 3º da ESO, presenten dificultades de aprendizaxe na maioría das áreas e se considere que, neste xeito, poidan obte-la titulación básica. Teñen una duración de 1 ou 2 anos. Inclúen, polo menos, ademais de tres áreas do segundo ciclo da ESO, que se impartirán dentro do grupo do que forme parte o alumno, elementos formativos do ámbito sociolingüístico e científico-tecnolóxico (en xeral 6 horas semanais para cada ámbito, en grupos que non superaran os 15 alumnos), dúas horas de titoría (unha dentro do grupo do que forma parte e outra en grupos que non superaran os 15 alumnos) e materias optativas recomendadas ata completa-las 30 horas lectivas semanais.
- **Aulas-obrairo:** ó longo de 10 anos desenvolveuse na Comunidade Autónoma de Canarias unha experiencia a partir das aulas-obrairo, como elemento motivador cunha metodoloxía activa e participativa, que evolucionou ata converterse en proxecto educativo de centro coa finalidade de lle dar resposta á *diversidade* no ensino, respectando as diferencias individuais e sociais dos alumnos e integrándoas para construír individualmente e socialmente o coñecemento. Formuláronse como coordenadas básicas do programa “na procura dun currículo integrado”, empregando un método que é o de proxectos de traballo, coa finalidade de lograr unha aprendizaxe integradora, autónoma e relevante, empregando uns recursos (obrairo) de xeito polivalente e globalizado.

OBRADOIROS DE INTERESE (En fase de deseño).

Consiste na formulación dun deseño curricular adaptado a un alumnado, entre os 12 e os 16 años, que presenta problemas significativos de motivación pola aprendizaxe e nos que se trata de incardinhar cos intereses particulares deste perfil de alumnado para rescatalos e acada-los obxectivos mínimos da ESO.

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES.

É un instrumento organizativo de apoio para a atención ós diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado. Debe ser xustificado no proxecto curricular de centro, priorizando áreas, os procedementos de acceso e permanencia, así como a avaliación periódica por parte da comisión de coordinación pedagóxica.

PERMANENCIA DUN ANO NUN MESMO CICLO OU CURSO OU REDUCCIÓN DUN ANO.

PROGRAMA DE GARANTÍA SOCIAL.

Están dirixidos a alumnos menores de 20 años e maiores de 16 anos que non acadaran os obxectivos da ESO. Teñen a finalidade de lles proporcionar unha formación básica e profesional que lles permita incorporarse á vida activa ou proseguí-los seus estudos nos diferentes ensinos, especialmente na formación profesional de grao medio. Teñen unha duración variable, entre 6 meses e 2 anos. Existen 4 modalidades (formación para o emprego, iniciación profesional, reinserción profesional de rapaces e específica para discapacitados). Nos centros educativos impártense a modalidade de iniciación profesional e a súa estructura curricular está formada pola área propia de iniciación profesional específica (12-16 horas semanais) a área de formación básica (8-10 h/s), a área de formación e orientación laboral (1-3 h/s), actividades complementarias (1-3 h/s) e Titoría (1-2 h/s).

I.4.B NO ÁMBITO DA AULA

I.4.B.1 Medidas ordinarias.

AVALIACIÓN DE FORMULACIÓNS XERAIS

- Medidas establecidas na programación da área.
- Unidades didácticas para a diversidade.
- Obxectivos didácticos: a distintos ritmos e niveis.
 - Contidos: distinción entre básicos, de ampliación, etc.
 - Actividades: diferentes linguaxes, ritmos e estilos de aprendizaxe.
 - Materiais: variados, para distintos niveis, ritmos e intereses.
- Coordinación do equipo docente.
- Seguimento do proceso do alumno ou alumna coordinado polo titor ou titora.

DE AVALIACIÓN

- Avaliación inicial.
- Equipos de avaliación.
- Equipos educativos para o seguimento do alumnado.
- Modos de avaliação.

DE METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN

- Horarios flexibles.

- Traballo cooperativo .
- Traballo individualizado.
- Actividades.
 - Con dificultade gradual.
 - Con diferentes modalidades de linguaxe.
 - A partir de diversos espacios e recursos (dentro e fóra da aula, medios de comunicación).
- Materiais diversificados.

REFORZOS EDUCATIVOS INDIVIDUAIS E GRUPAIS

- Formación de agrupamentos de alumnos flexible dentro da aula (discontinuo e variado nos seus compoñentes, adaptado á deficiencia que cumpra paliar).
- Desdobramentos (puntuais para cada unidade didáctica para compensar carencias).
- Dous profesores na aula (de reforzo á integración).
- Titorización do profesor ou entre compañeiros.
- Apoio dentro da aula (do especialista).
- Apoio fóra da aula (de especialistas ou da familia).
- Grupos voluntarios fóra do horario ordinario (ONG).
- Actividades de reforzo e/ou afondamento (dos centros, os concellos e as APA).

I.4.B.2 Medidas extraordinarias

ADAPTACIÓN CURRICULARES

Formuladas como medidas de aula, refírense basicamente ó proceso para a elaboración e seguimento das adaptacións individuais e á organización da programación de aula que permita o seu desenvolvemento.

I.4.B.3 Adaptacións curriculares individualizadas

ADAPTACIÓN POUCO SIGNIFICATIVAS

Son modificacións realizadas na programación do ciclo, área ou materia, que comportan adecuación nos elementos non prescriptivos do currículo. Ver guía orientativa.

ADAPTACIÓN SIGNIFICATIVAS

Son adaptacións de carácter excepcional que afectan ós elementos prescriptivos do currículo. Implican, ademais das medidas propias das adaptacións pouco significativas, a adecuación dos obxectivos ou a modificación ou supresión de contidos e criterios de avaliación da etapa. Intentarase introduci-los mínimos cambios que sexa posible, evitando a supresión dos contidos fundamentais para a consecución dos obxectivos da etapa que corresponda. Ver guía orientativa.

ADAPTACIÓN MOI SIGNIFICATIVAS

Comportan a supresión de obxectivo e contidos de etapa, e afectan á maior parte ou a tódalas áreas do currículo. Ver guía orientativa.

I.4.C DENDE ÁMBITOS NON ESCOLARES

I.4.C.1 Medidas para atender á diversidade

Fóra do sistema educativo, tamén se desenvolveron iniciativas para atender á diversidade do alumnado, promovidas por diferentes organismos e institucións (locais, insulares, etc.).

- Programas municipais de atención á diversidade (Tacoronte, Puerto de la Cruz, etc.).
- Actividades extraescolares promovidas e/ou apoiadas polos concellos, os cabidos, as APA e outras ONG encamiñadas á integración escolar.
- Programas comunitarios de atención a sectores con carencias manifestas que inciden sobre o alumnado, promovidos pola ViceconSELLERÍA de Educación, a ViceconSELLERÍA de Asuntos Sociais, os concellos, os cabidos, ONG, etc.
- Escolas-obraíro.

I.5 GUÍA ORIENTATIVA PARA A APLICACIÓN DAS DECISIÓN S DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

I.5.A ESTRATEGIAS EDUCATIVAS XENERALIZADAS

Como formulación xeral, débese comezar posibilitando a concreción á realidade de cada comunidade educativa, de cada centro e de cada aula; para iso teremos en conta o seguinte.

1.5.A.1 Tarefas e procedementos

- Elaboración dun proxecto de centro compartido e participativo.

- Normas e directrices de funcionamento (RRI).
- Elección dun modelo de organización dos recursos humanos e materiais.
- Contextualización, determinación de prioridades e concreción dos obxectivos xerais de etapa e área.
- Selección, organización e secuenciación de contidos.
- Criterios de avaliación e promoción.
- Aspectos metodolóxicos.
- Selección e organización de recursos: persoais e materiais.
- Instrumentos de avaliación.
- Acción titorial.
- Organización dos horarios de coordinación.
- Adaptacións nos medios de acceso ó currículo (extraordinarios).
- Outras medidas de atención á diversidade.
- Criterios para elaborar adaptacións curriculares individualizadas
- Permanencia un ano máis no ciclo.
 - En educación secundaria obrigatoria engádese:
 - O plan de oferta educativa.
 - Optatividade.
 - Opcionalidade en 4º da ESO.
 - Obradoiro de fomento de autonomía da aprendizaxe.
 - Diversificación curricular (2º ciclo da ESO)
 - Agrupamentos flexibles.

I.5.A.2 Responsables.

- Tódolos profesionais do centro coordinados a partir das decisións tomadas na comisión de coordinación pedagólica e orientación educativa.

I.5.B ESTRATEGIAS EDUCATIVAS DIFERENCIADAS: PRIMEIRO NIVEL DE ACTUACIÓN

Unha vez aplicada a contextualización anterior, se se evidenciara unha situación relevante de alumnado con necesidades educativas derivadas dun desaxuste de aprendizaxe.

I.5.B.1 Tarefas e procedementos

- Revisión continua da programación xeral anual, proxecto curricular de centro e proxecto educativo de centro.
- Consideración prioritaria no currículo dos contidos e actividades que desenvolvan o carácter funcional da aprendizaxe.
- Flexibilidade de:
 - Criterios de avaliación interciclos.
 - Procedementos e instrumentos de avaliación.
 - Organización, metodoloxía e agrupamentos.
 - Adaptación de recursos persoais e materiais.

Se fose preciso, exporase a colaboración dos servicios concorrentes.

I.5.B.2 Responsables:

- A comisión de coordinación pedagóxica. Orientador ou departamento de orientación.

I.5.C ESTRATEGIAS EDUCATIVAS DIFERENCIADAS: SEGUNDO NIVEL DE ACTUACIÓN

Se un grupo de alumnos e alumnas dun ciclo ou dunha aula presenta problemas.

- Garantir que a dita circunstancia problemática se evidencia como un froito dunha avaliación continua e formativa do alumnado.
- O tutor definirá o problema de xeito consensuado co equipo educativo do grupo.
- Analizaranse as medidas educativas tomadas ata ese momento comprobando se houbo algún avance.
- Solicítase colaboración do profesor de apoio ás necesidades educativas especiais do orientador e da familia, para chegar a unha valoración ampla e compartida do problema.
- Chégase a un consenso sobre medidas educativas para tomar na programación de ciclo e/ou aula.
- Repártense as responsabilidades e tarefas de intervención: no ciclo, na aula, individualmente ou en pequeno grupo, no centro e coa familia.
- Seguimento e avaliación das medidas educativas aplicadas.
- Facer consta-las medidas adoptadas no informe final de curso do grupo.

- Se o alumnado pertence ó 2º ciclo de secundaria, ten 16 anos cumpridos e posibilidade de titular flexibilizando o currículo, pódese realizar un programa de diversificación curricular (trala autorización da Consellería de Educación).

Responsables:

- Titor, equipo educativo, comisión de coordinación pedagógica, orientador ou departamento de orientación.

I.5.D ESTRATEXIAS EDUCATIVAS DIFERENCIADAS: TERCEIRO NIVEL DE ACTUACIÓN

Se un alumno presenta dificultades de aprendizaxe.

I.5.D.1 Tarefas e procedementos

- Garantir que a dita dificultade se pon de manifesto como froito dunha avaliación formativa e continua do currículo.
- Coñece-lo expediente persoal do alumno/a e continua-la súa formalización.
- O titor expón o problema no equipo educativo pondo en común as medidas aplicadas anteriormente de adaptación e individualización do currículo.
- Establece-lo nivel competencial do alumno respecto do currículo ordinario a través das tarefas escolares a través dunha avaliación procesual: qué sabe facer, cómo é a súa relación social, cál é o desenvolvemento das súas necesidades afectivas.
- Obter da familia información relevante que precisemos.
- Ter en conta no contexto da aula indicadores tales como conceptos previos, estructura das tarefas, comunicación, agrupamento e instrumentos de avaliação.
- Ter en conta no contexto do centro indicadores tales como: a colaboración do equipo docente, a eficacia das coordinacións, a coordinación da acción titorial, a colaboración do equipo directivo, a colaboración do profesor de apoio de necesidades educativas especiais, do orientador, as estratexias organizativas, as expectativas do profesor e do alumno, e a avaliação e seguimento das respostas educativas.

I.5.D.2 Responsables.

- O titor e o equipo educativo, coa colaboración, se se precisa, do profesor de apoio ás necesidades especiais, do orientador ou do departamento de orientación.

I.5.E ESTRATEXIAS EDUCATIVAS DIFERENCIADAS: CUARTO NIVEL DE ACTUACIÓN

Se as dificultades de aprendizaxe se seguen manifestando no alumno, despois de pór en práctica a adaptación pouco significativa do apartado D recorrerase a outras medidas más específicas, como poden se-las adaptacións pouco significativas, que afecten a elementos non prescriptivos do currículo.

I.5.E.1 Tarefas e procedementos

No caso de que o alumno requira unha atención individual ou en pequeno grupo dentro ou fóra da aula será necesario un informe xustificativo do orientador do centros; no dito informe, ade-mais das medidas adaptadas ata o momento deberánse de facer consta-las necesidades educativas que motivan a intervención do profesor de apoio ás necesidades educativas especiais, e en qué aspectos colaborará este co titor.

Se a atención do alumnado se debe realizar fóra da aula ordinaria, esa non poderá exceder do 20% do ensino; só excepcionalmente poderá chegarse ó 35%, tralo informe da inspección e con revisión periódica de tal medida.

A intervención do profesor de apoio será revisada trimestralmente.

I.5.F ESTRATEXIAS EDUCATIVAS DIFERENCIADAS: QUINTO NIVEL DE ACTUACIÓN.

Se as medidas adoptadas con anterioridade non foran suficiente poderase adoptar con carácter excepcional a decisión de elaborar unha adaptación curricular significativa que afecta ós elementos prescriptivos do currículo.

I.5.F.1 Tarefas e procedementos

- É unha decisión extrema que ten repercusión no desenvolvemento educativo e social do alumno.
- Precisa dun proceso de avaliación previo realizado polo titor, o orientador e outros profesionais que interviñeran, tendo en conta as adaptacións curriculares e de aula realizadas, o nivel de autonomía persoal e social acadado e as áreas nas que presenta dificultades de aprendizaxe.

Entre os factores que se deberán avaliar figura a capacidade de aprendizaxe do alumno. Tamén pode cumplir coñecer, cando proceda, o grao en que a súa afectación ou perda condiciona a súa capacidade e estilo de aprendizaxe, así como expresa-lo contexto socio-familiar en que o alumno se desenvolve.

- Revísase anualmente.
- A colaboración do profesor de apoio ás necesidades educativas especiais levarase a cabo preferentemente dentro da aula ordinaria e non excederá do 50% do horario.
- Precisará coordinación, polo menos quincenal, dos tutores de alumnos/as con necesidades educativas especiais co profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais. O xefe de estudios coidará de que o centro organice e estableza o seu horario para elaborar, coordinar e avaliar esta resposta educativa.
- O tutor, como voceiro do equipo educativo, informa os pais ou responsables legais, e indícalles aqueles aspectos en que poidan colaborar.

I.5.F.2 Responsables da elaboración da ACI.

- Titor, profesor de apoio ás necesidades educativas especiais, con colaboración do orientador, en secundaria, ademais do *departamento de orientación*.

I.5.G ESTRATEGIAS EDUCATIVAS DIFERENCIADAS: SEXTO NIVEL DE ACTUACIÓN

Adaptacións moi significativas:

I.5.G.1 Tarefas e procedementos

- Os alumnos con discapacidade derivada de déficit que requirán deste tipo de adaptación escolarízaranse en centro ordinarios cando o dictame do EOEP de zona e/ou específico así o considere. Nos restantes casos realizarase en aulas enclave ou en centros específicos de educación especial.
- Pode requiri-la intervención de recursos e materiais excepcionais.
- O documento de ACI moi significativa daralle prioridade como resposta educativa á autonomía persoal e social, así como programas de transito á vida adulta.

I.5.G.2 Responsables.

- Titor e orientador do centro; pode asistir un compoñente do EOEP específico. En caso de dictame, intervirá outro compoñente do EOEP de zona.

ANEXO 1: ESTATÍSTICAS DE CANARIAS

Datos de escolarización¹

Alumnado

Matriculados	Primaria	1º ciclo da ESO	2º ciclo da ESO
99/2000	126.505	47.838	45.066

Centros

Centros públicos	Centros privados	Centros concentrados	Profesores
1032	95	90	23.059

Algúns parámetros xustificativos para a atención á diversidade²

Do alumnado da ESO repetiu algunha vez	Unha vez	Dúas veces ou máis
36%	26%	10%

Dos que afirman ter repetido, confirmán telo feito por primeira vez en:

1º prim.	2º prim.	3º prim.	4º prim.	5º prim.	6º prim.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
4%	20%	8%	5%	9%	17%	3%	11%	23%	

Dos que afirman ter repetido, confirmán telo feito por segunda vez en:

1º prim	2º prim	3º prim.	4º prim.	5º prim.	6º prim.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
	1,2%	2,4%		0,6%	4,2%	6,5%	34%	51,2%	

1. Fonte: Consellería de Educación, Cultura e Deportes do Goberno de Canarias.

2. Fonte: Datos non oficiais, procedentes dun cuestionario pasado a 1.200 alumnos de 17 centros de Tenerife e La Palma, distribuídos entre zonas urbanas e periféricas das ditas illas, de ámbitos turísticos e agrarios.

Dos que afirman ter repetido, confirman telo feito por terceira vez en:

1º prim.	2º prim.	3º prim.	4º prim.	5º prim.	6º prim	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
	4,8%	4,8%						90,5%	

Dende estes datos podemos extraer que, polo menos, o 36% do alumnado ten dificultades para superar curso a curso o ensino obligatorio.

Medidas e accións³

Programa de agrupamentos flexibles por áreas 99/2000

Lingua	Alumnado	Grupos	Matemáticas	Alumnado	Grupos
1º ESO		20	1º ESO		22
2º ESO		40	2º ESO		42
3º ESO		81	3º ESO		87
4º ESO		57	4º ESO		57

* Para calcula-la número medio de alumnado pódese multiplica-lo número de grupos por 30

Programa de diversificación curricular. Dificultades xeneralizadas na aprendizaxe para compensar en:	Alumnado 16-17 anos	Nº de centros	Nº de grupos
4º da ESO (Provincia de Santa Cruz de Tenerife)			39
3º e 4º ESO (Provincia Santa Cruz de Tenerife)	576	41	9
4º da ESO (Provincia das Palmas)			37
3º e 4º da ESO (Provincia das Palmas)	564	37	10

3. Fonte: Consellería de Educación, Cultura e Deportes do Goberno de Canarias.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. A ESCOLA INTERCULTURAL

Colectivos de escolas rurais	Alumnado	Centros	Colectivos	Profesorado itinerante	Tutores/as atendidos
96/97	9.008	323	41	135	601
97/98	9.367	302	42	135	616
98/99	9.073	296	42	137	615
99/2000	8.667	284	41	188	595

Organización interdisciplinar e globalizada do currículo a través da actividade manipulativa.

Proxectos de aulas obradoiro	Alumnado	Centros	Coordinadores/as	Profesores/as
95/96	8.564	32	32	534
96/97	8.427	31	31	519
97/98	8.564	32	32	503
98/99	11.636	32	32	783
99/2000	11.732	32	25	830

Proxectos de pluralidade cultural	Alumnado	Centros	Illas	Profesores/as
95/96	595	3		21
96/97	1.800	10		32
97/98	1.015	10		42
98/99	7.137	15	4	
99/2000		27	5	

I.4 CONSELLO ESCOLAR DE CANARIAS

Apoio á integración de menores suxeitos a medidas xudiciais	Alumnado atendido	Profesores/as
95/96	130	6
96/97	136	6
97/98	155	6

Accións de desenvolvemento socio-comunitario	Intervención en núcleos	Colaboración con ONG	Colaboración con concellos
96/97	3	2	5
97/98	3	2	6

Outras medidas de compensación das desigualdades⁴

Transporte escolar ensino obligatorio	Nº de rutas	Nº de alumnado transportado
96/97	585	33.629
97/98	762	34.441
98/99	637	39.000
99/2000	635	34.400

Comedores escolares ensino obligatorio	Nº de comedores	Nº de comensais
96/97	332	50.091
97/98	337	46.318
98/99	348	43.854
99/2000	341	43.717

4. Fonte: Consellería de Educación, Cultura e Deportes do Goberno de Canarias.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. A ESCOLA INTERCULTURAL

Residencias escolares	Nº de residencias	Nº de residentes
96/97	23	2.224
97/98	23	2.230
98/99	23	1.333
99/2000	21	1.170

Atención á diversidade dentro e fóra do centro para maiores de 16 anos (oficialmente 18)

Programa de garantía social nas súas tres vertentes	Grupos 99/2000	Grupos 98/99	Grupos 97/98	Grupos 96/97	Grupos 95/96	Grupos 94/95
Iniciación profesional	91	85	75	67	56	19
Inserción sociolaboral (nn ee ee)	22	29	30	19	13	
Formación e emprego	18	12				

Atención á diversidade fóra do centro para maiores de 14 anos (oficialmente 16)

Titoría de rapaces	Alumnado	Titorías	Profesores
96/97	1.032	20	48
97/98	1.033	20	50
98/99	1.059	20	55
99/2000	Matrícula aberta	19	55

I.6 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA

I.6.A SOLICITAR Á ADMINISTRACIÓN A PÓR EN MARCHA MECANISMOS LEGAIS

Que faciliten a atención á diversidade con medidas non discriminatorias, favorecendo a admisión de alumnos e a compensación de desigualdades.

- a) Contempla-la atención á diversidade como estratexia xeral para todo o alumnado, non circunscrita ó alumnado con dificultades.
- b) Elaborar, por parte das administracións educativas plans que contemplen a planificación, a coordinación, o seguimento e a avaliación das actuacións de compensación educativa.
- c) Os departamentos e órganos de coordinación que se establezan nos centros dotaranse do persoal axeitado que preste servizo na educación secundaria, entre os que se incluirá profesorado de Psicoloxía e Pedagogía, servicios á comunidade e outros, segundo se regulamente polas diferentes administracións educativas competentes.
- d) Establecer, de acordo coas partes, zonas e centros de atención educativa preferente, de carácter permanente ou transitorio, con medidas que favorezan a atención á diversidade, incluíndo nos departamentos de orientación das ditas zonas e centros de atención educativa preferente o profesorado técnico de formación profesional de servicios á comunidade.

I.6.B IMPULSAR UN VERDADEIRO CAMBIO METODOLÓXICO E ORGANIZATIVO NO CENTRO E NA AULA

- a) Desenvolver estratexias diferenciadas de intervención na aula, organizando grupos flexibles, propondo actividades de aprendizaxe variadase materiais didácticos diversos, e establecendo diferentes vías para o acceso ós obxectivos comúns.
- b) Potenciar modelos organizativos flexibles nos centros, con estructuras áxiles e adaptadas ós problemas que teñen que atender.

I.6.C INCREMENTA-LA DOTACIÓN DE CADROS DE PERSOAL E MEDIOS

Os cadros de persoal e os medios deben permiti-la posta en práctica da atención á diversidade, a diversificación curricular, a opcionalidade e a compresibilidade.

- a) Dotar cada centro de educación secundaria dos recursos materiais e humanos necesarios para que, en uso da súa autonomía e co control que sexa necesario por parte da Administración educativa, poidan desenvolver fórmulas variadas de atención á diversidade do alumnado dende o seu proxecto educativo, destinando recursos económicos e humanos complementarios a aqueles centros e zonas en que o seu alumnado sexa de procedencia especialmente desfavorecida.
- b) Contemplar recursos específicos para atende-las necesidades educativas especiais, con independencia de cál sexa a súa orixe (física, psíquica, social, etc).

- c) Dispoñibilidade horaria para a coordinación do profesorado do grupo para revisa-los criterios de conformación dos agrupamentos e a metodoloxía coa que se afronta a atención.

I.6.D FACILITA-LA COORDINACIÓN E A COLABORACIÓN

Trátase da coordinación e a colaboración dos equipos educativos, así como dos diferentes servicios de apoio á escola co centro, involucrando máis as familias e as administracións territoriais no desenvolvemento dunha axeitada atención á diversidade.

- a) Programas de achegamento e/ou apoio ás familias para implicalas.
- b) Programas específicos de compensación das carencias familiares e/ou sociais.
- c) Programas de actuación municipal encamiñados a apoia-las actuacións dos centros (erradicación do absentismo, apoio ás familias con traballadores sociais, etc.).

I.6.E RECOÑECER E FAVORECE-LA ACCIÓN TITORIAL COMO ACTIVIDADE CENTRAL DE SEGUIMENTO, APOIO E ORIENTACIÓN DO ALUMNADO, NUNHA ETAPA EN QUE A AUTOPERCEPCIÓN E A AUTOESTIMA ADQUIREN UN PAPEL DECISIVO NA CONFIGURACIÓN DA PERSONALIDADE

I.6.F ADECUA-LA FORMACIÓN INICIAL E PERMANENTE DO PROFESORADO ÁS DEMANDAS REAIS

- a) Facilita-la formación didáctica e psicopedagóxica do profesorado en Atención á diversidade, propiciando proxectos formativos nos centros que afonden na súa mellora organizativa, evitando tendencias homoxeneizadoras e desenvolvemento estratexias metodolóxicas de atención á heteroxeneidade da aula.
- b) Forma-lo profesorado na adquisición e desenvolvemento de destrezas de atención á diversidade, xerando o cambio de mentalidade e actitudes que require este tipo de resposta educativa.

I.6.G DESENVOLVER UN PLAN INTEGRAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Trátase do desenvolvemento de medidas ordinarias e extraordinarias que permitan estructurar sistemas de apoio ó alumnado a partir duns obxectivos prioritarios consensuados polo centro, de metodoloxías axeitadas e adestramentos específicos, mantendo a conexión coas áreas habituais e procurando que tódolos alumnos obteñan o título de graduado en educación secundaria.

- a) Potencia-los desdobramentos (idiomas, laboratorios...) e os agrupamentos flexibles. A determinación dos grupos debe estar delimitada a tarefas concretas vinculadas á avaliação das necesidades dos alumnos e sometida a revisión periódica.
- b) Desenvolver programas de diversificación curricular, concretando os obxectivos, as funcións e as actuacións dentro do proxecto educativo de centro. Estes programas deben facer posible o logro dos obxectivos xerais da ESO e, en ningún caso, deberán comportar unha proposta segregadora para o alumnado.
- c) Realizar unha avaliação psicopedagóxica previa á diversificación curricular, como parte do proceso de avaliação formativa, evitando que esta sexa entendida ou empregada como medida de clasificación. A dita avaliação non só debe determina-las capacidades xerais do alumno, senón tamén a súa competencia curricular; é dicir, o seu grao de coñecemento dos contidos esenciais das distintas áreas cursadas, así como outros datos relevantes (motivación, expectativas, autoconceptos, etc.).
- d) Racionaliza-lo currículo, determinando claramente os obxectivos prioritarios, entendendo como tales os que resultan imprescindibles para aprendizaxes posteriores, especialmente aqueles que contribúen ó desenvolvemento de capacidades xerais (comprensión e expresión, resolución de problemas, busca e selección de información, etc.) e que posúen unha grande funcionalidade.
- e) Levar a cabo a adaptación curricular do alumnado que o requira de xeito equilibrado, co fin de non descoida-la adquisición dos obxectivos xerais e, en consecuencia, a formación básica que caracteriza a educación obligatoria. De tódalas maneras, débese contar coa participación dos pais en todos aqueles casos en que a súa opinión pode servir de axuda.
- f) Construír de forma excepcional grupos específicos que traballen por proxectos, tendo como eixo unha actividade práctica, aínda que sen renunciar ós obxectivos formativos establecidos para a ESO, co obxectivo de logra-la súa titulación
- g) Demanda-la coordinación das diversas administracións públicas para que os centros educativos disponan de información relativa ás iniciativas de escolas-obraíño de atención comunitaria existentes na zona.

II ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CULTURAL

II.1 INTRODUCCIÓN

A educación multicultural xorde como unha resposta á diversidade cultural que xera nas escolas a presencia de minorías que, ademais de necesitar un trato diferencial e non discriminante, polas distancias entre a súa cultura de orixe e a cultura de acollida, precisan ademais dunha aten-

ción especial ante o fracaso que, con frecuencia, se produce cando accedan a esta nova cultura, en xeral, e á súa en particular.

Ante esta realidade, deséñanse programas que tratan de atender a estes colectivos, facilitando a súa adaptación e mellorando o seu rendemento, promovendo o respecto cara á súa cultura de orixe e a súa integración na cultura de acollida. Esta é a idea xenérica sobre a aparición da educación multicultural, aínda que hoxe existen diferentes formas de entende-lo que é a educación multicultural e/ou intercultural.

Na nosa Comunidade, a atención á diversidade cultural como resposta diferenciada concrétese no Programa de Pluralidade Cultural e xorde como unha iniciativa que formula desenvolver unha proposta de educación intercultural para Canarias, traballando inicialmente cun grupo de centros onde hai escolarizado alumnado con diferente procedencia cultural e co obxectivo de elaborar unha alternativa que permita:

- Supera-lo atranco idiomático dos non hispanofalantes e aumenta-la competencia lingüística do alumnado en xeral.
- Educar en valores, previndo a xenofobia e o racismo.
- Favorecer procesos de enriquecemento cultural dende un proxecto de fomento da mestizaxe.
- Promove-la acollida e integración de novo alumnado no centro e a participación nel de toda a comunidade educativa, superando os problemas derivados do desarraigamento.
- Dinamizar procesos de cambios metodolóxicos e organizativos nos centros que favorezan a atención á diversidade.
- Propicia-la construcción do coñecemento dende múltiples enfoques.
- En definitiva, afondar nun currículo máis democrático en tódolos los niveis do ensino.

II.2 REFERENCIA Ó MARCO LEGAL

- Orde do 19 de maio de 1995, pola que se establecen as accións de carácter específico de compensación educativa na Comunidade Autónoma de Canarias (BOC do 21 de xuño).
- Lei 1/1997, do 7 de febreiro, de atención integral ós menores da comunidade Autónoma de Canarias. No seu artigo 23.2 recolle: "Os menores estranxeiros que se atopen no territorio da Comunidade Autónoma de Canarias poderán recibir axudas públicas que faciliten a súa integración social, especialmente para salva-las dificultades de idioma e o coñecemento dos usos sociais."
- Resolución do 29 de abril de 1999, da Dirección Xeral de Promoción Educativa, pola que se convoca a realización con carácter experimental de proxectos de pluralidade cultural en

centros públicos de educación infantil, primaria e/ou secundaria obrigatoria (BOC do 6 de maio). Nela sinálanse como obxectivos:

- 4.1. Integración por parte da comunidade educativa da riqueza que achega a pluralidade cultural, sumíndoa no proxecto educativo do centro:
 - a) Coa incorporación ó currículo de aspectos que enriquezan a educación en valores e o coñecemento doutras realidades socioculturais, así como con estratexias de atención á diversidade e criterios de avaliación formativa.
 - b) Coa adaptación do réxime interno á realidade multicultural do centro, especialmente canto a medidas de acollida e integración de alumnado recentemente chegado ó centro, mecanismos de participación da comunidade educativa, flexibilidade organizativa, dinámica de traballo colaborativo, organización das actividades escolares, extraescolares e complementarias, planificación dos servicios e prevención/resolución de conflictos.
 - c) Con exposicións que potencien o pensamento crítico, a comprensión da realidade e a construción do coñecemento dende enfoques diversos.
 - d) Coa plasmación en cada programación xeral anual de medidas de mellora concretas que permitan avaliar os avances e afrontar as dificultades.
- 4.2. Organizar e sistematiza-la aprendizaxe da lingua española dende unha perspectiva fundamentalmente funcional e, na medida do posible, preservando a lingua materna, vinculada sempre á valoración positiva da cultura de procedencia.

Ofértase para iso:

Financiamento extraordinario, coordinación intercentros e dos servicios concorrentes, asesoramento e accións de formación específicas para cada claustro, así como xestión doutros recursos que axudaran a desenvolver ou enriquecer os proxectos. A partir desta terceira convocatoria establecéncense dúas modalidades de participación: unha, para dar continuidade á experiencia iniciada por algúns centros; outra, para posibilita-la incorporación de novos que desexen participar no programa.

- Circular da Dirección Xeral de Promoción Educativa, pola que se regulamentan os proxectos de pluralidade cultural (14-10-1999). Difúndese directamente ós centros seleccionados e á inspección xeral, ademais de a outros servicios (equipos de orientación CEP, etc.).

Nesta circular desenvólvense e compleméntanse algúns aspectos recollidos na resolución de convocatoria de proxectos canto a recursos, funcións da persoal que asume a súa coordinación, documentación para presentar ó longo do curso, etc.

- Resolución do 2 de agosto de 1999, da Dirección Xeral de Centros, pola que se aproban as instruccións que regulamentan a organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (BOC do 25 de agosto) e Resolución do 4 de agosto de 1999, da dirección Xeral de Centros, pola que se aproban as instruccións de organización e funcionamento dos centros de educación obrigatoria”.

En ámbalas dúas, no apartado dedicado ós horarios do profesorado, cítase que se debe ter presente que o horario do profesorado do centro estará conformado prioritariamente polas necesidades lectivas de tódolos grupos de alumnos/as e, de seguido, pola aplicación de proxectos pedagógicos legalmente autorizados e/ou derivados da participación nos programas (...) e/ou pluralidade cultural.

II.3 ANTECEDENTES E TRADICIÓNNS SOBRE O TEMA

Nos albores do novo milenio, as fronteiras culturais estanse difuminando, entre outras razóns, polos crecientes fluxos migratorios e polo impacto do proceso de “integración” mundial ou globalización.

Canarias, pola súa situación xeoestratégica, as súas condicións climáticas, a súa estructura económica e o seu clima social, foise configurando como unha sociedade multicultural, cunha dilatada e rica tradición de contacto, convivencia e mestizaxe con outros pobos (coas diferentes ondas migratorias que foron poboando as illas antes, durante e despois da conquista e colonización ata os nosos días) e tódolos continentes (influencia comercial e cultural portuguesa, británica, etc.). Con todo, en ocasións estes contactos non foron tan inocuos, dándose procesos de asimilación e de permeabilidade entre as distintas culturas, ó que hai que engadi-las intermitentes ondas de emigración da illa ó longo deste século cara a Cuba, Venezuela, Centro-Europa e o Sahara principalmente, cos conseguintes fenómenos de retorno en diferentes momentos e xeracións.

A realidade multicultural de Canarias non a define, en absoluto, só este pasado. A presión que sobre a nosa cultura e territorio supón a visita anual de millóns de turistas presenta, ademais de obvios beneficios, custos significativos no que se refire á “aculturación”, publicidade global dun “espacio-paraíso” e, en consecuencia, sobreexplotación dun territorial moi limitado e fráxil.

Ademais, nas últimas décadas, foise producindo un fenómeno de asentamento de poboación foránea, en moitos casos transitorio (vinculado á temporada alta turística, ós sucesivos booms da construcción, á actividade pesqueira ou portuaria, etc.), pero ademais, unha porcentaxe crecente faino coa vontade e decisión de se establecer de xeito definitivo neste territorio. Os seus motivos son de todo tipo: laborais, como acceso a territorio comunitario desde África ou América, por razóns climáticas e de calidade de vida, por posibilidades de investimento económico, como refuxio para grupos étnicos e políticamente perseguidos, por estudos, por retorno de emigrantes canarios ou dos seus descendentes, etc. Estes asentamentos emprazábanse, principalmente, en zonas turísticas e vilas-dormitorio, pero tamén en zonas rurais despoboadas, moitas delas nas illas menores. A cualificación é moi variada e, xunto a unha grande proporción de man de obra para o sector de servicios, come-

za a ser considerable a presencia de profesionais liberais e de inmigrantes “sen papeis”. Arredor destes últimos estase a configurar un mercado de traballo que, en ocasión, supón unha sobreexplotación encubierta.

Outro fenómeno derivado da inmigración é o que se presenta cando comunidades estranxeiras mantifien as súas tradicións, a súa cultura e as súas formas de vida de maneira illada, constituíndo reductos e rexeitando calquera tipo de integración, establecendo auténticos circuitos pechados nas relacións sociais, culturais e económicas. Este feito xera un rexeitamento mutuo e impide a integración do alumnado procedente destas comunidades na escola.

O feito multicultural en Canarias, non embargante, non se valorou suficientemente, tanto canto á súa dimensión como canto ás súas posibilidades, probablemente por descoñecemento. Os datos achegados ilustran un proceso en crecemento e extensión (ver anexo estadístico).

Esta realidade multicultural de Canarias, ó ir en aumento, sobre todo nos últimos anos, supón un reto ó que a Administración educativa canaria lle intenta dar resposta, basicamente a través das accións do Programa de Pluralidade Cultural.

A este respecto cómpre sinalar que, nas súas orixes, as escasas iniciativas que existían respondían a exposicións puntuais ou á procura de alternativas parciais para aspectos concretos.

Hai algúns anos, por diferentes vías, designouse de forma excepcional profesorado itinerante para uns poucos colexios cunha realidade manifestamente multicultural. O balance que se pode facer diso é que, se ben significou un alivio temporal ó afrontar en determinadas horas a cuestión idiomática cun recurso extraordinario, a experiencia desaparecía ó desaparece-lo recurso, e non se xeraba nos centros ningún tipo de dinámica interna que favorecería unha proposición colectiva nin unha resposta na aula ordinaria, co que se consolida a idea errada de que o “problema” ten que resolvelo alguén alleo ó centro ou, simplemente, partindo da concepción dun apoio pedagóxico dende a segregación e dende a delegación de responsabilidades, abandonando a atención ó dito alumnado durante a maior parte do horario lectivo e sen reflexo en cambios organizativos e metodolóxicos na aula ou no centro.

Cómpre valorarmos na súa xusta medida as importantes contribucións que, no ámbito da educación en valores, fixeron os programas de innovación da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (como o programa Educar para a Paz, a Solidariedade e os Dereitos Humanos), así como o intercambio de experiencias que poden ter suposto os programas europeos para o profesorado que participou nalgúns deles, ou a elaboración dalgúns materiais feita por determinadas ONG, etc. Con todo, pódese afirmar que se careceu dun proxecto global que dera forma a unha alternativa de educación intercultural para Canarias.

No curso 96/97 tómase a decisión, dende a Dirección Xeral de Promoción Educativa, de realizar unha primeira convocatoria de proxectos de pluralidade cultural, como un nivel de resposta ás necesidades educativas derivadas da presencia de alumnado estranxeiro non hispanofalante en centros públicos de infantil e primaria. Contempla tres posibles ámbitos: alumnado con idioma materno distinto do español, grupos nos que se integran os alumnos e alumnas de minorías étnicas

e culturais, ou para todo o centro. Ofértase fundamentalmente unha vía de financiamento extraordinario e a constitución dun seminario de formación co profesorado coordinador. Preséntanse a ela oito proxectos.

No curso 97/98 decídese darlle un impulso a este tema e articula-lo Programa de Pluralidade Cultural, destinando unha persoa no equipo técnico da área de accións vompensadoras da dita dirección xeral para coordinalo. Prorrógaselle-lo proxecto ós centros que iniciaron a experiencia o curso anterior e iníciase unha serie de xestións de busca e coordinación de recursos.

Coa nova convocatoria de proxectos para o curso 98/99 evoluciona a concepción dos proxectos de pluralidade cultural, amplíase o ámbito ata a secundaria obligatoria e a centros completos nos que houbera matriculado alumnado estranxeiro ou minoría étnica e, ó mesmo tempo, preténdese unha maior incidencia dos centros nos proxectos educativos. A proposta inclúe asesoramento, intercambio de experiencias e formación para claustros completos, con seguimento ó longo do curso, ademais de darriles unha vía de financiamento extraordinaria.

A celebración en setembro de 1998, das “I Xornadas de Educación intercultural en Canarias”, organizadas polo programa de pluralidade cultural, marcan un importante punto de inflexión, xa que non só serven para introducir referentes teóricos e prácticos que impulsen o desenvolvemento dos proxectos coa base común, senón que tamén incorporan outros servicios da Administración (CEP, EOEP, outros programas educativos e profesorado das dúas universidades canarias) e determinadas ONG.

A principal limitación estriba no pouco éxito para conseguir un reforzo do cadro de profesorado nos centros seleccionados, xa que como isto non se ofertaba na resolución quedou a expensas da pouca dispoñibilidade de substitutos.

A partir de aí, combinando accións de asesoramento, investigación, formación, coordinación, reflexión sobre a práctica, financiamento e xestión de recursos diversos, chégase á vixente convocatoria de proxectos, similar á anterior, pero dirixida a un espectro más amplio: centros onde se atope matriculado alumnado estranxeiro, xitano ou doutras comunidades autónomas do Estado.

Deste xeito vincúlanse ó Programa de Pluralidade Cultural, da Dirección Xeral de Promoción Educativa, 27 centros emprazados en cinco illas.

En setembro de 1999 teñen lugar as “II Xornadas”, que permitan afondar un pouco máis no marco teórico, ó tempo que se lle dá un impulso ó traballo práctico.

Durante o curso 99/2000, aínda que con limitacións tanto a persoal e recursos, continúase na mesma liña de traballo, ó tempo que a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa asume, no desejo do seu plan anual de formación do profesorado, unha proposta de realización do curso “Traballar nun centro cunha realidade multilateral”, solicitado polos CEP.

En consonancia co aumento de alumnado foráneo nos centros públicos de Canarias, as demandas de recursos, asesoramento e apoio van en aumento, e parece chegado o momento en que

se debe producir un salto cuantitativo e cualitativo neste tema, de xeito que, coa experiencia acumulada nestes anos, aproveitouse o enorme potencial transformador que ten un proxecto de educación intercultural, ó tempo que se afrontan os novos retos, derivados dos fortes movementos migratorios que se están dirixindo cara a Canarias.

II.4 SOLUCIÓN S E ESTRATEXIAS NA COMUNIDADE CANARIA PARA AFRONTA-LA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CULTURAL

A característica fundamental do modelo de resposta institucional deseñado en Canarias é a construcción colectiva da alternativa.

Tomouse a iniciativa desde un programa dependente da Administración educativa, pero contando en todo momento coas contribucións dos centros, os servicios concorrentes e outras persoas e/ou entidades.

Os centros educativos deseñan o seu propio proxecto e xestiónano autonomamente, pero están abertos ó asesoramento externo e acoden a reunións, encontros e xornadas para aclarar proxectos, unificar criterios e socializa-lo resultado da súa práctica, co que se está nun proceso de continua xeración de novas ideas, de intercambio de materiais e de contraste de experiencias.

Estas experiencias inténtanse estructurar inicialmente en varias categorías, complementarias entre si, para facilitar unha maior sistematización. Con este criterio agrúpanse actividades ou medidas que favorezan activamente:

1. A acollida e integración persoal (tanto do alumnado recentemente chegado ó centro e a súa familia, como do profesorado recentemente incorporado), así como o desenvolvemento da autoestima.
2. A superación da barreira idiomática para os non hispanofalantes e o aumento da competencia lingüística do alumnado en xeral.
3. A educación en valores democráticos e dereitos universais (solidariedade, coeducación, paz, etc.).
4. O fomento do enriquecemento cultural recíproco.
5. A dinamización interna nos centros para acadar unha maior implicación do profesorado e do resto da comunidade educativa, tanto en aspectos de xestión como nos procesos de ensino-aprendizaxe e intercambio cultural.
6. A construción do coñecemento desde múltiples enfoques, o desenvolvemento dunha actitude crítica e a implicación na procura de alternativas.

É tamén fundamental a definición de criterios e instrumentos de avaliación axeitados para o traballo en contextos multiculturais, de cara a facilitar diagnósticos más precisos de cada situación e valorar axeitadamente o grao de evolución do proceso de aprendizaxe de cada alumno e alumnna.

A Administración educativa, actualmente a través do programa de pluralidade cultural, dependente de área de accións compensadoras da Dirección Xeral de Promoción Educativa, ademais de financiar e asesorar na medida do posible as ditas accións, xoga un papel activo introducindo iniciativas, actuando como catalizador de experiencias e incorporando a reflexión sobre a acción.

Estas accións terñen como finalidade básica:

- Favorecer procesos de mestizaxe cultural.
- Educar en valores, previndo a xenofobia e o racismo.
- Aprender de forma funcional a lingua e/ou mellorar na competencia comunicativa.
- Supera-los problemas derivados do desarraigamento sociocultural.
- Propiciar unha maior cultura de participación.
- Dinamizar procesos de cambios metodolóxicos e organizativos nos centros, desde un tratamento positivo da atención á diversidade e desde unha maior democratización interna.
- Construí-lo coñecemento desde diversos puntos de vista, fomentando a capacidade crítica.

En definitiva, afondar no currículo máis democrático en tódolos niveis do ensino.

Este tipo de propostas require, pola súa incidencia no proxecto educativo e en cada programación xeral anual, a implicación de centros completos nunha alternativa global, polo que non se conciben como proxectos exclusivamente para estranxeiros, onde a compensación educativa veña derivada dun déficit, senón dunha carencia de propostas integrais.

Faise con todo iso unha aposta clara por un modelo dialéctico de construcción da identidade dende a mestizaxe, onde é preciso a preservación dunhas raíces culturais, pero cunha apertura cara a novas influencias, evitando caer en posicións etnocentristas e de asimilación cara á poboación de orixe foránea, así como freando procesos acelerados de destrucción dos referentes culturais locais.

A experiencia está demostrando que a chave para converte-lo que aparentemente pode ser un problema, unha situación pedagoxicamente vantaxosa e enriquecedora dende un punto de vista cultural, pasa por asumi-lo multiculturalismo como sinal de identidade dos centros e extrae-las consecuencias organizativas e metodolóxicas correspondentes. O mesmo tempo, percíbese a potencialidade dunha alternativa de educación intercultural nun proceso a máis longo prazo de transformación profunda de todo o sistema educativo, que vai estar cada vez máis condicionado polos procesos

de globalización e pola crecente influencia dos medios de comunicación de masas e novas tecnologías.

A maioría destes centros seleccionados obxectivamente constituíronse en avanzada dunha proposta de educación intercultural para Canarias, aínda que algúns inicialmente só trataban de buscar alternativas a unha cuestión concreta: en xeral, cómo supera-la barreira idiomática ou cómo encara-los problemas derivados do desarraigamento. Por iso, se ben os seus actuais proxectos non constitúen en si mesmos unha alternativa elaborada e nin sequera o Programa de Pluralidade Cultural pode, cos condicionantes actuais (de recursos humanos e materiais), erixirse como única vía para logralo, si pode considerarse que esta curta experiencia en común posibilitou importantes avances que, no seu momento, puideran xeneralizarse ó conxunto do sistema educativo en Canarias.

Actualmente, as principais carencias detéctanse por unha banda na ausencia dunha política global de inmigración que facilite a posta en marcha de accións de interacción comunitarias e, por outra, nas limitacións que se atopa un reto desta envergadura, ó contar con poucas medidas complementarias dende o conxunto da administración educativa (en especial as referidas a persoal, tanto nos centros como no equipo técnico) e que, nalgúns casos, só requirirán un debate en profundidade, para coordinar despois iniciativas dende as diferentes direccións xerais.

Ademais, en Canarias non existen materiais curriculares axeitados para afronta-la realidade multicultural en toda a súa complexidade, polo que é fundamental reforza-las tarefas de elaboración e publicación, tanto para clarifica-lo marco teórico como para sistematizar propostas que faciliten unha práctica cun enfoque intercultural. Así mesmo, estanse realizando listaxes de recursos (en distintivo tipo de soporte: impreso, audiovisual, informático, etc.) e de contactos de interese, para facilitarllas a quen as precise, así como un documento de orientacións metodolóxicas e organizativas que está recollendo as contribucións de quen están máis vincellados a este proceso dende os claus-tros, os servicios educativos e as universidades canarias.

Por último, cómpre intensifica-las accións de formación do profesorado para lograr unha maior cualificación na resposta educativa.

Pero as actuacións desde a Administración educativa non poden ser concibidas dende un punto de vista simplemente dos recursos, xa que as propostas metodolóxicas, de contido e organizativas que se están a barallar poden servir para provocar interesantes avances na dinámica interna dos centros, facilitando a partir da busca de alternativas para unha necesidade concreta a apertura cara á innovación pedagógica e a revisión duns proxectos educativos que moitas veces non se axustan á realidade dos ditos centros.

En calquera caso, todo indica que en canto se vai afondando neste tema agroma unha realidade moi más ampla e complexa do que se prevía, polo que o que se faga ou se deixe de facer desde o sistema educativo pode ter unha grande transcendencia na configuración social e cultural de Canarias.

ANEXO 1: ESTATÍSTICA DE CANARIAS

Programa de Pluralidade Cultural. Alumnado estranxeiro⁵

Proxectos de Pluralidade Cultural	Alumnado	Centros	Illas	Profesores/as
95/96	595	3		21
96/97	1.800	10		32
97/98	1.015	10		42
98/99	7.137	15	4	
99/2000		27	5	900

Evolución do alumnado estranxeiro en centros públicos

(Número por países más significativos)

País	96/97	97/98	98/99	Incremento 96/97 – 97/98	Incremento 97/98 – 98/99
Alemaña	592	752	730	27%	-3%
Venezuela	513	585	636	14%	9%
Marrocos	321	480	566	50%	18%
Reino Unido	392	457	513	17%	12%
Cuba	167	217	299	30%	38%
Arxentina	126	186	209	48%	12%
China	84	122	186	45%	52%
Italia	100	147	160	47%	9%
India	73	114	132	56%	16%
Francia	83	120	128	45%	7%

5. Fonte: Dirección Xeral de Centros/ dirección Xeral de Promoción Educativa. Consellería de Educación Cultura e Deporte do Goberno de Canarias.

Colombia	66	118	110	79%	-7%
Bélgica	61	79	79	30%	0%
Países Baixos	49	71	70	45%	-1%
Portugal	42	46	63	10%	37%
República Dominicana	57	39	59	-32%	51%
Corea do Norte	6	39	56	550%	44%
Chile	46	50	50	9%	0%
Austria	31	42	46	35%	10%
Uruguai	18	30	46	67%	53%
Sahara Occidental	29	31	36	7%	16%
Suecia	26	53	30	104%	-43%
Finlandia	20	33	22	65%	-33%
Corea do Sur	95	32	19	-66%	-41%

Públi- ca	Lanzarote		Fuerte- ventura		G. Canaria		Tenerife		La Palma		Gomera		Hierro		Total cen- etros	Increm. centros
96/97	28	404	21	195	104	994	153	1339	37	340	9	80	3	10	355	
97/98	30	495	24	230	138	1384	156	1772	43	386	10	86	5	22	406	14%
98/99	37	586	20	250	151	1719	172	1971	43	363	10	91	8	30	441	9%

Concer- tada	Lanza- rote		Fuerte- ventura		G. Canaria		Tenerife		La Palma		Gomera		Hierro		Total centros	Increm. centros
96/97	0	0	0	0	11	51	8	139	2	27	0	0	0	0	21	
97/98	0	0	0	0	14	42	13	157	2	33	0	0	0	0	29	38%
98/99	0	0	0	0	18	74	13	173	2	19	0	0	0	0	33	14%

Privada	Lanzarote		Fuerte-ventura		G. Canaria		Tenerife		La Palma		Gomera		Hierro		Total centros	Incre. centros
96/97	3	145	0	0	24	811	16	670	1	3	0	0	0	0	44	
97/98	3	209	0	0	23	894	14	742	2	4	0	0	0	0	40	-9%
98/99	3	204	0	0	24	1036	17	1004	1	2	0	0	0	0	45	13%

Cursos	Tot. centros	Tot. alumnos
96/97	420	5268
97/98	475	6456
98/99	519	7622

Número de centros.
 Número de alumnos.

Os datos son o resultado do recollido dos formularios oficiais remitidos polos centros, nos que non figuran os casos de alumnado con dobre nacionalidade nin os que se incorporan ós centros con posterioridade á recollida desta información estatística no primeiro trimestre do curso escolar.

Evolución do alumnado estranxeiro en Canarias dende o curso 96/97 ó 98/99

Porcentaxe	Nº de centros
< 5%	391
>5% -7%	38
>7% -10%	21
>10% - 20%	38
>20% - 30 %	13
>30% - 40%	6
>40%	12

II. 5 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA

II.5.A XERAIS

Referidas ó conxunto das administracións: estatal, autonómica, insular e local.

- 1^a Deseñar e pór en práctica políticas globais de integración e desenvolvemento que contemplen:
- Medidas educativas e de integración social.
 - Accións de control e orde pública.
 - Asignación do 0,7% do PIB ós países subdesenvolvidos.
 - Investimentos públicos e privados orientados ó desenvolvemento local de países xeradores de inmigrantes.
 - Medidas tendentes á racionalización da presión demográfica e uso do territorio.
- 2^a Aplicación efectiva da Lei de estranxeiría, contemplando o seu necesario financiamento.
- 3^a Deseño e desenvolvemento de programas de colaboración con diferentes países e comunidades autónomas.
- 4^a Deseño, conxuntamente con outras consellerías do Goberno Autónomo e determinadas ONG, dunha política de inmigración, en coordinación co Goberno central en aspectos da súa competencia.
- 5^a Impulso á ampliación de oferta de lingua estranxeira no noso sistema educativo (inglés, francés, alemán, etc.), dándolle prioridade a aquelas zonas educativas en que se están detectado dificultades de acceso ó mercado laboral por parte da poboación local, debido á falta de cualificación axeitada en determinada lingua estranxeira.
- 6^a Acordar con outros países a implantación do profesor de apoio nativo.

II.5.B ESPECÍFICAS

Referidas principalmente á Administración educativa

Formación e Investigación

Propónense seis liñas de formación, complementarias entre si, que permitirían un cambio cualitativo da situación:

- a) Plan de formación específico para claustros completos dos centros acollidos á convocatoria de proxectos de pluralidade cultural (1e 6).
- b) Seminario de formación para os coordinadores/as de proxectos de pluralidade cultural (6).
- c) Cursos modulares de español para estranxeiros (para secundaria, infantil-primaria e adultos), coa finalidade de contar con profesorado cualificado no tema entre os actuais cadros de centros con maior presencia de alumnado estranxeiro non hispanofalante,

como recurso estable, tanto para a atención directa de grupos flexibles como para o aesoramento sistemático ó resto do profesorado. Posibilidade de que este profesorado poida, no caso de secundaria, implantar oferta de español para estranxeiros como materia optativa (1).

- d) Plan de formación específico para orientadores/as de CEP, co fin de lles facilitar asesoramento ós centros e ás familias (1).
- e) Oferta ó profesorado en xeral de cursos, xornadas, seminarios, etc. sobre estratexias metodolóxicas en contextos multiculturais e/ou didáctica do español para estranxeiros (1 e 6).
- f) Adopción das medidas necesarias para incentivar e impulsala titulación de español para estranxeiros en ámbalas universidades canarias, así como ampliación da oferta en determinadas escolas oficiais de idiomas e centros de ensino de adultos (1, 2 e 5).
- g) Elaboración e sinatura de anexos para desenvolve-los actuais convenios entre a Consellería e ámbalas universidades canarias para:
 - Concreta-la participación de prácticas en centros públicos de traducción e interpretación, español como lingua estranxeira (cando se avanzara neste sentido), educación intercultural e as diferentes ramas de Filoloxía (como prácticas en empresas) (1 e 5).
 - Impulsa-la creación dun equipo de estudio, discusión e investigación de carácter interdisciplinar entre profesorado de diversas facultades ou departamentos e equipos técnicos da Consellería.

Personal

- Dotar, de xeito extraordinario e a determinados centros máis significativos que establecerán un compromiso concreto de traballo a través do proxecto de pluralidade cultural, dun/dunha profesor/a para cubri-lo horario da persoa que coordine o dito proxecto, de maneira que se poida garantir a realización das tarefas de dinamización previstas canto a estratexias organizativas e metodolóxicas e a atención a grupos flexibles para a iniciación na aprendizaxe do español (2 e 6).
- Mecanismos de compensación por porcentaxe de alumnado estranxeiro non hispanofalante matriculado en cada centro (concretado en baixar ratios por aula onde se atopen integrados ou de forma lineal dun/dunha profesor/a máis onde a dita porcentaxe supere o 5%) (2 e 3).
- Aumenta-lo equipo técnico no Programa de Pluralidade Cultural (actualmente atendido por un só coordinador para tódalas Illas Canarias) (2 e 6).
- Contemplar no sistema educativo canario a figura do profesor de apoio nativo.

Equipamento

Deseño dun módulo de equipamento específico destinado a centros que, por porcentaxe ou por número significativo de matrícula, teñan unha realidade multicultural constante ou en crecemento constatable, facilitando así uns recursos materiais dispoñibles de xeito estable (1 e 4).

O módulo podería ser variable en función do número de unidades, natureza de cada centro e proporción de alumnado non hispanofalante; debería incluír:

- Material audiovisual complementario ó equipamento de idiomas (láminas para aprendizaxe de vocabulario básico, cassetes, gravadoras de man, cámara de vídeo, equipo de edición, etc.).
- Equipos multimedia (con programas de aprendizaxe e perfeccionamento de español e de traducción de textos, encyclopedias, información sobre diversas culturas, etc.) e con conexión a internet.
- Xogos educativos adaptados á aprendizaxe de español para estranxeiros.
- Dotación económica para adquirir fondos bibliotecarios nos idiomas presentes no centro e/ou relacionados co tema.

Normativa

- a) Resolución convocando a realización de proxectos con carácter experimental de educación intercultural, con circular interna que a complemente en cada curso escolar (1 e 6).
- b) Tralo oportuno estudio xurídico e partindo dun proxecto feito con sensibilidade social, elaborar e remitir instruccions ou recomendacions, a centros e Inspección, aclarando dúbidas más frecuentes neste tema: garantía do dereito básico de acceso á educación, matriculación, traslados de expedientes, solicitude de libros de escolaridade, titulación, absentismo, criterios de promoción, etc. (1 e 3).
- c) Modificación de formularios coa finalidade de poder rexistrar situacións de dobre nacionalityade e mobilidade da matrícula ó longo do curso.
- d) Establecemento de criterios para evita-la excesiva concentración de alumnado estranxeiro en determinados centros, así como para ter en conta a posibilidade de incidencia destes datos nas ratios (1 e 3).

Financiamento

Inclusión dunha partida orzamentaria destinada a este fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Publicacións

Editar unha guía sobre as principais características do noso sistema educativo, nos idiomas con maior presencia entre o alumnado estranxeiro matriculado en Canarias, e con referencias básicas á nosa oferta e normativa de funcionamento, co fin de orienta-los pais e as nais recentemente chegados que descoñecen o noso idioma (1).

Editar unha guía de medidas organizativas e criterios metodolóxicos dirixida ós centros receptores de alumnado inmigrante (1 e 6).

Editar materiais curriculares con experiencias e actividades para orientar, facilitar e enriquece-la práctica de educación intercultural (1 e 6).